



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA A CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS

O martes día 17 de xaneiro de 2023 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego de Estudos do Territorio sobre as axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos.

BENEFICIARIOS

- As persoas físicas titulares dun ben inmovible, recurso ou elemento, así como aqueles que posúan calquera título válido en dereito que autorice a realización da actuación solicitada.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvención as actuacións que teñan por obxecto a corrección de impactos paisaxísticos, en concreto:

- Revestimento e/ou pintado de paramentos cegos de fachada que actualmente estean rematados con materiais ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, como fábrica de ladrillo, de bloques de formigón, formigón ou morteiro de cemento.
- Renovación do acabado dos paramentos cegos de fachadas, carpintarías ou cerrallarías exteriores, que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia do deficiente estado de conservación ou da tonalidade e/ou a intensidade da actual cor de acabado.
- Remate ou renovación do acabado exterior de cubertas que, ben por estar rematadas con pranchas de fibrocemento ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, ben por atoparse nun deficiente estado de conservación, constitúen un impacto paisaxístico.
- Revestimento de muros de cerramento de predios realizados con ladrillo ou bloques de formigón, sen revestir.
- Recuperación, restauración ou arranxo de muros de pedra tradicionais, co obxecto de evitar o potencial impacto paisaxístico que produciría a súa perda, así como o que produce o seu mal estado de conservación.

CONTÍA DA AXUDA

O importe da subvención será do **70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000 €.**

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do **día seguinte ao da publicación da resolución no DOG e rematará o 17 de febreiro de 2023.**

Para calquera información contactar coa Técnica de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 17 de xaneiro de 2023.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

